

# Dereitos pasivos

## Contido

Son aqueles que o Estado debe garantir fronte aos riscos de vellez, incapacidade, morte e supervivencia, unha vez que se prestaron os servizos requiridos.

## I. Xubilación e retiro

### I.1. Clases:

---

- a) **De carácter forzoso**, que se declarará automaticamente ao cumprir os sesenta e cinco anos de idade. É posíbel alongar a vida laboral até os setenta anos presentando solicitude cunha antelación mínima de dous meses á data de cumprimento da idade de xubilación forzosa. Poderase pór fin a esta prolongación no servizo activo comunicándoo ao órgano competente cunha antelación mínima de tres meses á data prevista para o pase á xubilación.
- b) **De carácter voluntario** (Xeral, común a todos os funcionarios e funcionarias), que se declarará a instancia de parte, sempre que o/a interesado/a teña cumpridos os sesenta anos de idade e recoñecidos trinta de servizos efectivos ao Estado. A petición de xubilación deberá presentarse cunha antelación mínima de tres meses á data elixida polo funcionario para a xubilación. A contía da pensión será a correspondente aos anos de servizo que acredite o/a funcionario/a na data de xubilación.
- c) **De carácter voluntario-LOE**, (só para os/as docentes). Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:
  - Ter permanecido en activo ininterrompidamente nos quince anos anteriores á presentación da solicitude en postos pertencentes aos correspondentes cadros de persoal de centros docentes, ou que durante unha parte dese período permanecesen na situación de servizos especiais ou ocupasen un posto de traballo que dependa funcional ou organicamente das administracións educativas, ou ben que se lles concedese excedencia por algún dos supostos previstos no artigo 29, punto 4 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificado pola Lei 39/1999, do 5 de novembro, e pola Lei 51/2003, do 2 de decembro.

- Ter cumpridos sesenta anos de idade ao 31 de agosto do ano no que se solicite.
- Ter acreditado un mínimo de 15 anos de servizos ao Estado a 31 de agosto do ano de solicitude.

Os funcionarios de carreira dos corpos docentes acollidos a réximes de Seguridade Social ou de previsión distintos do de clases pasivas, sempre que acrediten todos os requisitos establecidos anteriormente, poderán optar no momento da solicitude da xubilación voluntaria por se incorporar ao réxime de clases pasivas do Estado, para os efectos do dereito aos beneficios previstos nesta disposicións, así como a súa integración no réxime especial de funcionarios civís do Estado.

Aos efectos exclusivos de cómputo de anos para o cálculo da porcentaxe do haber regulador establécese unha adición dun número de anos equivalente aos que falten para cumprir os sesenta e cinco.

Os ou as docentes que se xubilen de acordo coa LOXSE e teñan acreditados no momento da xubilación polo menos vinte e oito anos de servizo ao Estado e, dependendo da idade, do corpo e dos anos de servizos percibirán unha gratificación establecida polo Estado e outra pola Xunta de Galiza.

As solicitudes de xubilación voluntaria anticipada deberán presentarse dentro dos dous primeiros meses do ano. Unha vez iniciado o procedemento unicamente serán aceptadas as renuncias que se presenten con anterioridade ao 30 de abril. A Administración educativa resolverá as solicitudes presentadas e, cando proceda, propondrá a resolución de xubilación anticipada e voluntaria con indicación da contía de gratificación extraordinaria e diferenciando a da Xunta da do Estado. Coa paga ordinaria do último mes de servizo activo percibirase a totalidade da gratificación establecida polo Estado e o 40% da Xunta; o 60% restante será aboado nas mesmas datas que a nómina do mes de marzo do ano inmediatamente seguinte.

Desde a entrada en vigor da LOE, a xubilación voluntaria contéplase até o día 31 de agosto de 2011. Antes de chegar a esta data, logo de consulta coas comunidades autónomas, o Goberno central procederá á revisión do tempo referido ao réxime de xubilación voluntaria así como dos requisitos exixidos.

- d) **Por incapacidade permanente**, que se declarará de oficio ou a instancia de parte, cando o interesado ou interesada veña afectado/a por unha lesión ou proceso patolóxico físico ou psíquico que sexa irreversible ou de remota ou incerta reversibilidade, cuxa lesión ou proceso imposibiliten totalmente para o desempeño das funcións propias. Neste caso, e ademais dos xa recoñecidos, entenderanse tamén como servizos efectivos os anos que lle falten ao funcionario ou á funcionaria para cumpriren os sesenta e cinco anos de idade.

## 1.2. Cálculo:

---

Cada ano, na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, establécese un Haber Regulador ou cantidade para cada corpo ao que haberá que lle aplicar a porcentaxe correspondente, dependendo dos anos de servizos efectivos. No caso de que se teñan prestado servizos en diferentes corpos ou escalas, o cálculo da pensión farase a través dunha fórmula específica na que se contemplan os mesmos. Os anos de cotización no ámbito laboral entenderanse cotizados como funcionario ou funcionaria pero dependendo da categoría e do grupo polo que será necesario realizar unha equivalencia.

Cando se declare o dereito á pensión extraordinaria como consecuencia de accidente ou enfermidade derivados de acto de servizo, a base reguladora que correspondería tomarase ao 200%. Presumirase o acto de servizo, agás proba en contrario, cando a incapacidade ou o falecemento do funcionario ou funcionaria acaeceran no lugar e tempo de traballo.

## 1.3. Incompatibilidades:

---

As pensións de xubilación ou retiro serán incompatíbeis co desempeño dun posto de traballo no sector público.



### Normativa:

- Capítulo II do R.D. Lexislativo 670/1987 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.
- Disposición transitoria segunda da *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*.
- Art. 33 da Lei 30/1984 de Medidas para a reforma da función pública.

## 2. Pensión de viuvez

### 2.1. Requisitos:

---

Terá dereito á pensión de viuvez quen sexa ou teña sido cónxuxe lexítimo do causante dos dereitos pasivos, sempre en proporción ao tempo que vivise co cónxuxe falecido e con independencia das causas que determinaran a anulación ou divorcio en cada caso. Sen embargo, se se contrae matrimonio posterior con persoa diferente do causante non se terá dereito a pensión por este concepto (a xerada polo anterior cónxuxe). Non obstante, quen contraise matrimonio a partir do 1 de xaneiro de 2002, poderá manter a pensión de viuvez sempre que concorran todos os requisitos que a relacionan de seguido:

- Que o titular da pensión sexa maior de 61 anos ou, sendo menor de dita idade, teña recoñecida unha incapacidade permanente que o inhabilite para toda profe-

sión ou oficio.

- Que a pensión de viuvez constitúa a principal fonte de ingresos do pensionista (debe supor, como mínimo, o 75% dos seus ingresos).
- Que os ingresos totais do novo matrimonio non superen en cómputo anual a dupla do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento.

## 2.1. Cálculo:

---

A base reguladora será o 50% da pensión de xubilación que o falecido ou falecida tivese sinalada ou a que lle correspondería a este no momento da súa xubilación forzosa no caso de falecer con anterioridade a ser declarado xubilado.

Esta porcentaxe será do 25% no suposto de que o ou a causante dos dereitos falecera tras ser declarado ou declarada incapacitado ou incapacitada por acto de servizo ou por consecuencia do mesmo e se sinalara no seu favor a correspondente pensión extraordinaria.

Nos casos de separación xudicial, divorcio ou nulidade, a contía será proporcional ao tempo de convivencia matrimonial efectiva co causante.



### Normativa:

Sección 2ª, Capítulo III do R.D. Lexislativo 670/1987 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado

## 3. Pensión de orfandade

### 2.1. Requisitos:

---

-Os fillos do causante menores de 21 anos ou, que sendo maiores de devandita idade, estivesen incapacitados para todo traballo desde antes de cumprila ou desde antes do falecemento do causante.

-O orfo que non realice traballo lucrativo, ou cando realizándoo os ingresos que obtéña en cómputo anual resulten inferiores ao 75% do salario mínimo interprofesional, poderá ser beneficiario da pensión de orfandade sempre que, á data do falecemento do causante, fose menor de 22 anos ou de 24 se non sobrevivise ningún dos dous pais. Neste caso, a pensión de orfandade extinguirase cando o titular cumpra os 24 anos de idade, agás que estivese cursando estudos, manténdose nestes supostos a percepción da pensión até o primeiro mes, inclusive, do seguinte curso académico.

### 2.1. Cálculo:

---

O 25% da base reguladora, no caso de que exista só un fillo con dereito a pensión.

O 105 da base reguladora, no caso de que existan varios fillos con dereito a pensión. Neste caso, as pensións resultantes increméntanse nun único 15% da base reguladora que se distribuirá por partes iguais entre todos os beneficiarios.

#### **Límite de percepción**

O importe conxunto das pensións de orfandade non poderá superar, en ningún caso, o 50% ou o 100% da base reguladora, segundo exista ou non, respectivamente, cónxuxe viúvo do falecido.

## 2.2. Incompatibilidades:

---

A percepción da pensión de orfandade será incompatíbel co desempeño dun posto de traballo no sector público.

## 3. Pensión a favor dos pais

### 3.1. Requisitos:

---

Terán dereito a pensión por este concepto, indistintamente, o pai e a nai do causante, sempre que aqueles dependesen economicamente deste ao momento do seu falecemento e que non existan cónxuxe sobrevivente ou fillos ou fillas do falecido ou falecida con dereito a pensión.

### 3.2. Cálculo:

---

No caso de que no momento do falecemento do causante houbera cónxuxe ou fillos do mesmo con dereito a pensión, o pai e a nai daquel só terán dereito á pensión a partir do momento en que a mesma quede vacante por falecemento ou perda de aptitude legal do cónxuxe e dos fillos con dereito.

#### **Contía da pensión**

A cada proxenitor correspóndelle o 15 por 100 da base reguladora



#### **Normativa:**

Sección 4<sup>a</sup>, Capítulo III do R.D. Lexislativo 670/1987 polo que se aproba o Texto refundido da lei de clases pasivas do Estado.